

## PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2024/2025

- Normativa reguladora da admisión de alumnado : Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (D.O.G. 11/02/2022), Orde do 12 de marzo de 2013 (D.O.G. 15/03/13), Orde do 25 de xaneiro de 2017 (D.O.G 01/02/2017) e Orde do 18 de decembro de 2020, Orde do 21 de outubro de 2022 (D.O.G. 08/11/2022).
- Oferta de postos escolares (anexo I)
- Área de influencia do centro (Anexo II)
- Prazo de presentación de solicitudes :
  - Publicación de vacantes : antes do 1 de marzo.
  - Presentación de solicitudes: **Do 1 ao 20 de marzo.**
  - Presentación de documentación acreditativa dos criterios do baremo: 24 ó 6 de Abril.
  - Publicación das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos: Antes do 25 de Abril.
  - Prazo de reclamacións: 5 días hábiles a partir do seguinte a da súa publicación.
  - Publicación das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos: Antes do 15 de maio.
  - Prazo de formalización de matrícula: Do 20 ao 30 de Xuño.

### NOTA:

1. Lémbrese que as solicitudes de admisión poderán presentarse de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción ou tamén mediante o formulario normalizado a través da aplicación de “admisionalumando” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumando>). Só se pode presentar **unha única**

**solicitude** no centro onde se solicita praza en primeiro lugar (nesta solicitude poderán figurar outros centros por orde de preferencia, para o caso de non ser admitido no primeiro). A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2. Así mesmo, o alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando co código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

3. A notificación electrónica a través do sistema de notificación electrónica da Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>) realizarase con respecto aos trámites e actos propios da competencia das xefaturas territoriais, sempre que a persoa elixira esta modalidade como medio de notificación preferente.

4. O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, en caso de presentar **solicitude noutro centro** distinto debe **comunicalo** ao mesmo tempo **ao centro de orixe**, remitindo copia da solicitude.

5. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

6. Servizos complementarios ofertados polo centro O Grupo: Comedor escolar e Servizo de madrugadores (xestionados pola ANPA). Deberá marcarse na solicitude se solicitan ou non este servizo.

7. Os representantes legais do alumno deberán indicar se este presenta n.e.a.e., marcando a casíña correspondente e acreditando documentalmente esta circunstancia.

8. Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer consta a cantidade correspondente á base impositiva no caso de declaración consulta, ou á base impositiva de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casíñas 0435 (base impositiva xeral) e 0460 (base impositiva do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2023; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2023. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2023, que está fixado en ..... euros.

No caso de non ter declaración da renda, deberase presentar unha certificación de haberes das persoas integrantes da unidade familiar ou calquera outro documento de cada unha delas, correspondente ao exercicio fiscal do 2023.

9. Criterio complementario para admisión de alumnos: Segundo acordo do Consello Escolar do Centro de data 21/03/2013 acordouse **conceder 1 punto** no apartado i) do art. 9 do D 254/2012 : **“Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público”** . Forma de acreditación: A propia solicitude.

DOCUMENTACIÓN a presentar (orixinal ou copia cotexada co selo do centro):

- **Impreso** Solicitud (código ED550B).
- **4 fotos** tamaño carné.
- Fotocopia do **DNI ou libro de familia** do/a neno/a (fotocopia completa do libro no caso de ter irmáns matriculados no centro).
- **Certificado do Padrón** municipal (expedido no 2024) **no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven (a data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano)**. De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, presentárase ademais copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio (escritura ou contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados (auga, luz, gas,..) a nome da persoa que solicita a admisión.
- No caso de optar á puntuación por lugar de traballo en lugar de domicilio familiar. acreditarase mediante documento expedido polo empregador e copia do contrato de traballo (no caso de servizos por conta allea); alta censual inicial na Axencia Estatal de Administración Tributaria (no caso de traballadores por conta propia), ou certificado da Xefatura de Persoal (no caso de persoal ao servizo das administracións públicas).
- **Certificado médico**
- Impreso Elección de Relixión ou Actividades Alternativas.
- Enquisa sobre lingua habitual para o alumnado de 3 anos
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- Certificado académico no caso de que o alumno xa estivera escolarizado.

NOTA:

**Horario** de recollida e entrega de documentación : de **9 a 11,30** e de **12,30 a 14** horas